



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SOBRADO

Bases concurso de disfraces Entroido 2026

ANUNCIO

Mediante Resolución de Alcaldía núm. 14/2026, de data 19/01/2026, aprobáronse as bases do concurso de disfraces de entroido 2026 do concello de Sobrado

“BASES DO CONCURSO DE DISFRACES ENTROIDO 2026”

As bases polas que se rexerá o Concurso de Disfraces Entroido Sobrado 2026 son as seguintes:

PRIMEIRA:

O Concurso de Disfraces Sobrado 2026 terá lugar o domingo día 15 de febreiro ás 17:00 horas rematando ás 20:00 horas.

SEGUNDA:

O concurso terá lugar en Praza Portal. O concello poderá trasladar a outro lugar o concurso de disfraces en caso de inclemencias meteorolóxicas.

TERCEIRA:

Poderán participar todas aquelas persoas que o desexen e reúnan os requisitos esixidos nestas bases.

CUARTA:

Quedan establecidas dúas categorías:

1ª categoría: categoría individual infantil (ata os catorce anos inclusive).

2ª categoría: categoría de comparsas, que deberán estar formadas por un mínimo de catro membros, de todas as idades.

QUINTA:

Para participar é obrigatorio inscribirse nas oficinas da Casa do Concello ou no teléfono (981)787508 e senon o mesmo día do concurso polo menos 15 minutos antes do comezo do concurso.

SEXTA:

PREMIOS

1ª CATEGORÍA (INDIVIDUAL-INFANTIL)

1º CLASIFICADO..... 100€

2º CLASIFICADO..... 50€

3º CLASIFICADO..... 25€

2ª CATEGORÍA (COMPARSAS)

1º CLASIFICADO..... 300€

2º CLASIFICADO..... 200€

3º CLASIFICADO..... 100€

SÉTIMA:

O xurado nomeado a tal efecto será o encargado de outorgalos premios e estará composto por:

-1 membro da Corporación Municipal.

-2 persoas do público.

-2 membros da empresa encargada da animación da festa.

No concurso teranse en conta, a orixinalidade, a vistosidade e a escenificación, valorándose en maior medida os disfraces de creación propia. Poderase declarar deserto calquera premio se a xuízo do propio xurado non se reúnen os méritos suficientes.

OITAVA:

A entrega de premios para todas as modalidades, realizarase unha vez rematado o concurso de maneira simbólica, xa que a efectividade do premio farase por transferencia bancaria no número de conta indicado polos premiados.

Para cobrar o premio os gañadores deberán designar un representante (Nome, apelidos e DNI) e facilitar no concello un certificado do número de conta co IBAN o seu nome para facer efectivo o ingreso xunto cunha copia do DNI.

NOVENA:

O feito de participar no concurso de disfraces implica o coñecemento e aceptación por parte dos concursantes das presentes bases así como a autorización para a publicación e uso das imaxes e vídeos orixinados neste evento cultural.

En Sobrado, 20 de xaneiro de 2026

O alcalde,

Luís Lisardo Santos Ares

2026/314